

# MANIFESTO “EU ACUSO”

Autor: ANTÓN REIXA

Presentado en el Acto del 40 Aniversario de  
ACLAD ALBORADA – 24.05.22 - VIGO

EU ACUSO Á HIPOCRISÍA SOCIAL SOBRE AS DROGAS

ACUSO, COMO O ESCRITOR ZOLA ACUSOU O ANTISEMITISMO QUE CONDENOU A DREYFUS

EU ACUSO COMO A PRAGA DA IGNORANCIA SOBRE AS DROGAS MATOU Á MIÑA XENERACIÓN E A PRAGA FOI MÁXIMA NOS FELICES 80

EU ACUSO A PANDEMIA HIPÓCRITA DE ESTADOS E MAFIAS QUE NOS VENDEN ALCOHOL, TABACO, COCAÍNA, MORFINA, HEROÍNA, ANFETAS, ENXEÑOS QUÍMICOS SOFISTICADOS, MERDA MORTAL

EU ACUSO AOS QUE NOS VENDEN E TAMÉNNOS PROHIBEN O PRACER PARA TRAFICAR LEGAL OU ILEGALEMTE CON TODO TIPO DE PLACEBOS CONTRA A DESESPERACIÓN

EU ACUSO A DESIGUALDADE DO PRACER QUE NOS VAI QUE NOS VÉN QUE NOS LEVA QUE NOS TRAE QUE NOS ALUCINA QUE NOS MATA QUE NOS DÁ AS RISAS E AS BÁGOAS DA IMPACIENCIA DO TEMPO QUE VÉN DE NUNCA ACABAR

EU ACUSO Á SANIDADE PÚBLICA/ Á SANIDADE PRIVADA QUE NOS CONDENA A QUE A CURACIÓN DA TOXICOMANÍA SEXA A ESPECULACIÓN DA SÁUDE PRIVADA OU A SOLIDARIEDADE ESFORZADA CIVIL E NON GUBERNAMENTAL

EU ACUSO AOS SISTEMAS SANITARIOS TODOS E OS SEUS ESTRITOS VADEMECUMS PARA CURAR GRIPES, CANCROS, FRACTURAS, INFARTOS DA CABEZA E DO CORAZÓN PERO CANDO A DOENZA É A TOXICOMANÍA DINCHE QUE ALÁ TI QUE PODES COMPRAR MILAGRES NA ESPECULACIÓN DA MEDICINA PRIVADA OU XOGAR Á RULETA RUSA DOS COIDADOS NON GUBERNAMENTAIS INCERTOS POR MOI BEN INTENCIONADOS QUE SEXAN

EU ACUSO QUE NON ME CUREN NIN ME MATEN CANDO A ADICIÓN É O MAL DE TODOS OS MALES QUE CAIO E VOLVO CAER NA RAIA OU CHUTE DE CORDILLEIRAS DE QUÍMICA ADULTERADA TAN CARA COMO A ANSIEDADE DAS HORAS QUE VEÑEN POBRES EN CARTOS EN DESEXOS NON CUMPRIDOS EN DESESPEROS PERMANENTES COMA SE OS RELOXOS FOSEN CHUMBOS ADITIVOS QUE NON CRECEN NIN DIMINÚEN QUE NON SE CREAM NIN SE DESTRÚEN QUE SÓ TARNIFORMAN A ANSIEDADE EN MÁIS ANSIEDADE

EU ACUSO A CANSEIRA DAS XERINGAS DOS CORPOS XA SEN BURATOS NOVOS PARA  
NAUFRAGAR NO DELIRIO ANALXÉSICO DO PRACER EN MILIGRAMOS DE MEDO RISCO  
QUE ARRISCO PAPEIS DE ALUMINIO QUE ARDEN SEN FAÍSCAS DE ESPERANZA DE  
NARCOESQUINAS AVARICIOSAS DE CARTOS E MÁIS CARTOS DE LEIS E PROHIBICIÓNS E  
SE NACICHES PARA MARTELO DO CEO VAN CAER OS CRAVOS QUE FURAN O TEU  
SUBCONSCIENTE FERIDO DE DOR DE IMPACIENCIA DE CONCIENCIA E PSEUDOCIENCIA  
DE AUSENCIA DE PRACER DE PRESENZA DA ADICIÓN DA TEIMA BRAVA DE VIVIR  
CONTRA A VIDA DE MORRER CONTRA A VIDA DE VIDA ESNIFABLE FUMABLE  
INXECTABLE DIXERIBLE ADULTERABLE DE PAIXÓN POR VIVIR MELLOR CANDO A MORTE  
É SÓ O FINAL DAS HORAS INACABABLES

EU ACUSO SON PROFUSO SON CONFUSO E CANTO MÁIS ACUSO MILLÓNS DE CHUTAS  
FURAN AS TARDES LONGAS GRISES DIFUSAS DE FUGAS CONFUSAS

EU ACUSO A LEGALIDADE QUE NOS MATA DE ALCOHOL E TABACO EN COCHES DE  
FÓRMULA UN RACHANDO O VENTO

EU ACUSO A ILEGALIDADE QUE NOS MATA DE HEROÍNA COCAÍNA HERBAS NON  
REGULADAS E PASTILLAS DE BRANCURA EN CORES E ANFETAMINAS DE FELICIDADE  
FUXIDÍA

EU ACUSO Á CIENCIA SEN CONCIENCIA QUE NOS MATA E REMATA COA COARTADA DA  
SAÚDE DA CIENCIA QUE INVESTIGA A DOR PERO NON A ADICIÓN QUE NOS TRAE  
FENTANILO PERO SEN ALTERNATIVA CANDO A DOR MARCHA E A ADICIÓN ARRASA O  
TEU SOBCONSCIENTE MACHACADO ESPERADO DESESPERADO

EU ACUSO QUE PODO LEMBRAR O QUE FACÍA EN 1982 PERO TAMÉN LEMBRO QUE  
NON FORMABA PARTE DO HEROISMO HUMILDE ANÓNIMO E DE PACIENCIA  
CONXURADA PARA FUNDAR ALBORADA HAI CORENTA ANOS CORENTA

EU ACUSO O FRÍO DAS MAÑÁS DESPOIS DA ALBORADA E DIANTE DO CENTRO  
ALBORADA A ANSIEDADE DA XENTE QUE ESPERA A SÚA DOSE DE METADONA PARA  
MUDAR A ANSIEDADE POR ANSIEDADE DE SUBSTITUCIÓN

EU ACUSO QUE UN PROBLEMA DE SAÚDE LEVE TAMÉN ADXUNTO TOXICIDADES  
ECONÓMICAS E LEGAIS QUE DINAMITAN A PAZ DAS FAMILIAS DOS GRUPOS  
HUMAMOS E DAS SOCIEDADES

EU ACUSO QUE NON SEMPRE CHEGAN AS AXUDAS PÚBLICAS E OS RECURSOS  
HUMANOS PARA CURAR VIDAS TÓXICAS

EU ACUSO A INERCIA QUE NOS CONDENA NUN MUNDO CHEO DE DROGAS A QUE NON  
HAXA OUTRA FORMA DE CONVIVENCIA COAS DROGAS QUE A ADICIÓN E A  
ENFERMIDADE

EU ACUSO A NUBE DE SILENCIO TÓXICO QUE OPACA OS PRBLEMAS DA TOXICOMANÍA

EU ACUSO A NON PREVENCIÓN DA PRAXE DA SAÚDE MENTAL QUE PRESENTA COMO EXCEPCIONAL QUE NON SE SAIBA QUE OS PROBLEMAS DA MENTE E O CEREBRO SEXAN CAUSA OU EFECTO DA TOXICOMANÍA

EU ACUSO QUE HOXE ESTAMOS TODAS E TODOS AQUÍ CON LUCES DE ESPECTÁCULO E AS NOSAS MELLORES ROUPAS PERO QUE MAÑÁ A GUERRA CONTRA A TOXICOMANÍA CONTINÚA E O CENTRO ALBORADA TEN QUE ABRIR AS PORTAS PARA SEGUIR O DURO DÍA A DÍA

EU ACUSO QUE NON AMAMOS O QUE DEBERIAMOS AS PERSOAS ESFORZADAS QUE ESCOLERON TRABALLAR EN ALBORADA CORENTA ANOS CORENTA E OS QUE TEÑEN UE CHEGAR

EU ACUSO QUE A XENTE DE VIGO AS FAMILIAS A MOCIDADE A XENTE MÁIS POBRE OU MÁIS RICA, SE CADRA, NON SABEMOS AGRADECER QUE CORENTA ANOS CORENTA TIVEMOS AÍ O CENTRO ALBIARADA CORENTA ANOS CORENTA PARA DAR UNHA VOZ AMIGA PARA DAR UNHA MAN SOLIDARIA PARA DAR UNHA SOLUCIÓN INMEDIATA A PROBLEMAS QUE SON COMPLEXAMENTE LONGOS E LENTOS

EU ACUSO QUE AGORA VOU DEIXAR DE ACUSAR PARA AGRADECER NUN ABRAZO INMENSO A XENTE TODA DO CENTRO ALBORADA PARA SEMENTAR A AGRICULTURA ECOLÓXICA DA SOLIDARIEDADE A INTELIXENCIA EMOCIONAL DA SOLIDARIEDADE POR CORENTA ANOS CORENTA E OS QUE VEÑAN E AQUÍ ESTAREMOS PARA ACUSAR E AXUDAR OUTROS CORENTA ANOS CORENTA

*LONGA VIDA Á ALBORADA*

*GRAZAS ALBORADA*

Antón Reixa (maio, 2022, 40º Aniversario ALBORADA)

